

Información

29/12/2020

COVID-19

Restriccións de mobilidade

As restricións que entran en vigor mañá na provincia de Ourense son as seguintes:

Mantéñense as restricións máximas na Rúa e Sarreaus e incorpóranse os concellos de Verín, Monterrei, Castrelo do Val e Cualedro (formando estes catro un perímetro conxunto). Pasa a restricións de tipo Medio-Alta o Concello de Xinzo de Limia.

Medidas para o Fin de Ano (30 decembro – 1 xaneiro)

Dende mañá (día 30) ata o día 1 ás 23:00 horas poderase entrar e saír en todos os concellos, xustificando o desprazamento a lugares de residencia habitual de familiares (non se dice nada de xustificar documentalmente).

O horario do toque de queda segue ata as 23:00 horas, salvo o día 31 que se amplía ata a 01:30 (da madrugada do día 1) só para regresar ao domicilio.

O día 1 os locais de hostelería retrasarán a apertura as 11 da mañá.

Retrasarase o peche dos locais dos concellos con máis restricións e de Medio-Alta (Rúa, Sarreaus, Verín, Monterrei, Castrelo, Cualedro e Xinzo de Limia) das 17:00 ás 18:00 horas para sempre.

Os encontros familiares recomendan que se limiten á unidade de convivencia. No caso de que sexan de dúas unidades de convivencia, limítase o número de persoas a 10.

No caso de que o encontro sexa de máis de dúas unidades, non poderán superar as 6 persoas maiores de 10 anos e 4 menores de

10 anos.

Feliz ano e un saúdo!

Asesoría Bieito